



| Guía Docente | | | | |
|-----------------------|--|--------------------|------------------------|----------|
| Datos Identificativos | | | | 2020/21 |
| Asignatura (*) | Literatura e Espectáculo | Código | 613584107 | |
| Titulación | | | | |
| Descritores | | | | |
| Ciclo | Período | Curso | Tipo | Créditos |
| Mestrado Oficial | 1º cuatrimestre | Primeiro | Obrigatoria | 3 |
| Idioma | Galego | | | |
| Modalidade docente | Presencial | | | |
| Prerrequisitos | | | | |
| Departamento | Letras | | | |
| Coordinación | Vizcaino Fernandez, Carlos Caetano | Correo electrónico | carlos.vizcaino@udc.es | |
| Profesorado | Vizcaino Fernandez, Carlos Caetano | Correo electrónico | carlos.vizcaino@udc.es | |
| Web | | | | |
| Descrición xeral | Estudo da literatura en relación coas diferentes manifestacións escénicas: teatro, danza, cinema... Relacións entre texto e artes escénicas. Discursos en que se relacionan literatura e espectáculo. Recursos e métodos para a investigación interdisciplinar. | | | |
| Plan de continxencia | 1. Modificacións nos contidos Ningunha. 2. Metodoloxías *Metodoloxías docentes que se manteñen Lecturas Traballo tutelado *Metodoloxías docentes que se modifican Sesión maxistral: realizarase por Teams no horario da materia. Presentacións orais: realizaranse de maneira non presencial por medios asíncronos. Asistencia a eventos: o docente fornecerá unha ligazón e realizarase asíncronamente. 3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado Atendemento conxunto: habilitarase unha hora semanal para celebrar unha sesión de Teams en que se clarifiquen as dúbidas máis comúns sobre as actividades. Marcaranse as sesións individuais precisas para o correcto acompañamento da evolución de cada estudante. En todo o momento se poderán realizar consultas por medio do correo electrónico. 4. Modificacións na avaliación Non se contemplan. *Observacións de avaliación: 5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía Non hai modificacións. Toda a bibliografía básica está accesíbel no espazo de Moodle destinado á materia. | | | |

| Competencias do título | |
|------------------------|------------------------|
| Código | Competencias do título |

| Resultados da aprendizaxe | |
|---------------------------|------------------------|
| Resultados de aprendizaxe | Competencias do título |



| | | | |
|--|-------------------|------------|-------------------|
| O alumnado deberá coñecer as relacións entre a literatura e o teatro, o audiovisual, a música e a danza a través da historia e en contextos culturais diversos. | AM1 AM3 | | CM4 |
| O alumnado deberá coñecer os principais focos de información e de reflexión teórica relativas ao estudo das relacións entre a literatura e as producións espectaculares e saber integrar as achegas dos principais grupos investigadores do ámbito académico . | AI2 AI3 | BP3 BP5 | CM5 CI2 |
| O alumnado deberá saber empregar a rede informática na obtención de información e na comunicación de datos e, en xeral, adquirir a capacidade de utilizar as ferramentas TIC necesarias para o exercicio profesional e investigador. | AM2 AM4 AI3 | BP3 BP4 | |
| O alumnado deberá deseñar e realizar un traballo de investigación orixinal, rigoroso e de extensión limitada en que se analicen as relacións de certos produtos espectaculares coa literatura, pondo en relación os estudos literarios con contextos culturais diversos. | AM2 AI1 | BP3 BP7 | CI3 |
| O alumnado deberá saber traballar de forma autónoma e con iniciativa tendo en conta a importancia da aprendizaxe ao longo de toda a vida. | AM3 | BP2 BP4 | CM1 CM5 CI1 |

| Contidos | |
|--|---|
| Temas | Subtemas |
| 1. A literatura na sociedade do espectáculo | 1.1. Gustavo Pernas: Os ollos de Victorine ou a construción da cuarta parede 1.2. Aldea global e iconosfera: the pictorial turn 1.3. Performance e textualidade 1.4. Lectura performativa e performance da personalidade nas redes sociais 1.5. Jacques Rancière: É posíbel un espectador emancipado? 1.6. Estratexias performativas de identidade: narradores e poetas performativos |
| 2. Posdrama e literatura | 2.1. Deconstrución e paradoxos da literatura posdramática: Heine Müller e Sarah Kane 2.2. Texto-centrismo versus Esceno-centrismo:2.2.1. O paradigma artaudiano2.2.2. Do happening á non-encenación de Claude Régy2.2.3. Kantor (Umarla klasa - A clase morta): tensión entre a realidade preexistente do texto literario e a realidade autónoma da escena. 2.3. O cuestionamento da ficcionalidade: (re)produción, (re)presentación |
| 3. A ruptura coa liña discursiva patriarcal | 3.1. Textos escénicos alternativos ao logos androcéntrico 3.2. Experiencias escénicas feministas: Nut Teatro e Inversa Teatro 3.3. Autoría espectacular feminina na Galiza |
| 4. O medio é a mensaxe: literatura e audiovisual | 4.1. O determinismo tecnolóxico e a literatura 4.2. Literaturicidade do roteiro audiovisual 4.3. Chico Buarque, Leonard Cohen e Bob Dylan contemplados desde a literatura 4.4. Narrativas transmedia e ludificación 4.5. Narrativa e cómic |

| Planificación | | | | |
|---------------------------------------|----------------------------|-------------------|---|--------------|
| Metodoloxías / probas | Competencias | Horas presenciais | Horas non presenciais / traballo autónomo | Horas totais |
| Traballos tutelados | A3 A14 A12 B10 C1 C8 C9 | 2 | 20 | 22 |
| Lecturas | A1 A2 B7 C7 C5 | 0 | 22 | 22 |
| Eventos científicos e/ou divulgativos | B7 B8 C5 | 0 | 4 | 4 |
| Presentación oral | B6 B10 C1 | 3 | 4 | 7 |



| | | | | |
|------------------------|---------------------|---|---|----|
| Sesión maxistral | A2 A1 C5 | 2 | 0 | 2 |
| Proba mixta | A13 A4 B5 B8 B10 C4 | 8 | 6 | 14 |
| Atención personalizada | | 4 | 0 | 4 |

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

| Metodoloxías | |
|---------------------------------------|---|
| Metodoloxías | Descrición |
| Traballos tutelados | O alumnado realizará individualmente un traballo de investigación -orixinal, rigoroso e de extensión limitada-, ora de adaptación dramaturxica, ora de análise da adaptación ao audiovisual dun texto literario. Nas primeiras sesións serán determinadas tanto a data de comunicación do tema e ponderación co profesor e os compañeiros das estratexias de elaboración -nun espazo de traballo colaborativo en liña-, como a de incorporación ao espazo virtual colaborativo da versión definitiva. |
| Lecturas | Será preciso realizar nos prazos determinados unha serie de lecturas básicas, así como as necesarias para a elaboración do traballo. |
| Eventos científicos e/ou divulgativos | Acompañarase, presencialmente ou através de ferramentas de comunicación asíncrona, eventos científicos e divulgativos relacionados cos contidos da materia. |
| Presentación oral | Destinaranse as sesións presenciais pertinentes á presentación oral dos traballos individuais tutelados, destinando uns minutos ás preguntas e retroalimentación do mesmo por parte dos compañeiros. |
| Sesión maxistral | Destinarase media hora das catro primeiras sesións á exposición e desambiguación dos conceptos teóricos por parte do docente. |
| Proba mixta | O alumnado participará ?presencialmente e através do espazo de traballo colaborativo en liña? en discusións dirixidas polo profesor sobre temas atinentes aos contidos da materia. Previamente, deberán preparar as discusións coa lectura de artigos especializados. |

| Atención personalizada | |
|---|---|
| Metodoloxías | Descrición |
| Proba mixta Traballos tutelados Presentación oral | A través destas metodoloxías avaliarase a evolución individual de cada alumno ou alumna, de maneira que en calquera momento se podan activar mecanismos compensatorios ou de consolidación de coñecementos e destrezas. |

| Avaliación | | | |
|---------------------------------------|----------------------------|---|---------------|
| Metodoloxías | Competencias | Descrición | Cualificación |
| Proba mixta | A13 A4 B5 B8 B10 C4 | A participación activa e con argumentos madurecidos e criativos nas discusións dirixidas presenciais ou asíncronas representará o 35% da cualificación final. | 35 |
| Traballos tutelados | A3 A14 A12 B10 C1 C8 C9 | O traballo invidiual representará o 35% da cualificación final. Terase en conta a ponderación co profesor e os compañeiros de tema e fontes, que será recíproca, isto é escoitará o que se lle di da súa elección e el/ela mesmo/a ponderará ás dos compañeiros/as; a presentación dentro dos prazos e a calidade do mesmo. | 35 |
| Eventos científicos e/ou divulgativos | B7 B8 C5 | A asistencia aos eventos programados será avaliada até ao 5% da cualificación final. | 10 |
| Presentación oral | B6 B10 C1 | Serán avaliadas tanto a presentación oral do traballo tutelado (10%) como a participación retroalimentadora nos outros traballos (10%). | 20 |

| Observacións avaliación |
|-------------------------|
|-------------------------|



Non será posíbel a superación da materia sen a participación activa nas discusións dirixidas nin a presentación, dentro dos prazos, do traballo tutelado. O alumnado que non realice ambas as actividades recibirá a cualificación de NON PRESENTADA/O.

O alumnado de ensino semipresencial ou con dispensa académica deberá acompañar o curso através das ferramentas de comunicación asíncrona determinadas polo docente nos prazos específicos que se establecerán a tal efecto e que o profesor comunicará ao alumnado afectado ao inicio do curso. Na segunda oportunidade (xullo) e na convocatoria adiantada de decembro o alumnado será avaliado cos mesmos criterios e coas mesmas porcentaxes que na oportunidade anterior. Caso de non ter realizado durante o cuadrimestre algunhas das actividades avaliábeis, abrirase un novo prazo para a súa presentación.

Salvagando en todo o momento os dereitos de autoría e protexendo os datos dos mesmos, os traballos académicos presentados polo alumnado da materia poderán ser incorporados á base de datos dunha ferramenta de detección de plaxio ou de presentación do mesmo exercicio en varias materias. Caso se produza algunha destas circunstancias, o traballo ficará anulado e poderanse activar as medidas recollidas nas Normas de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudos de grao e mestrado universitario da UDC.

Non será posíbel a superación da materia sen a participación activa nas discusións dirixidas nin a presentación, dentro dos prazos, do traballo tutelado. O alumnado con dispensa académica deberá acompañar o curso através das ferramentas de comunicación asíncrona determinadas polo docente nos prazos específicos que se establecerán a tal efecto e que o profesor comunicará ao alumnado afectado ao inicio do curso. Na segunda oportunidade (xullo) o alumnado será avaliado cos mesmos criterios e coas mesmas porcentaxes que na oportunidade anterior. Caso de non se ter realizado durante o cuadrimestre algunha das actividades avaliábeis, abrirase un novo prazo para a súa presentación.

Fontes de información



Bibliografía básica

- Abuín, A (2006). "Performance y textualidad", Escenarios del caos: 151-157. Valencia: Tirant lo Blanch
- Alonso de Santos, J. L. (2007). "Las reglas de la teatralidad" e "La recepción teatral", en Manual de Teoría y Práctica Teatral, 165-194 e 519-545. Madrid: Castalia
- Becerra, Afonso (2018). Confio-te o meu corpo: a dramaturgia pós-dramática. Compostela: ATravés Editora
- Bermúdez, S (2002). "O capital simbólico das literaturas subalternas: a poesía galega no serodio século XX", Anuario de Estudios Literarios Galegos 2002, 201-208.. . Compostela: USC
- Biscainho Fernandes, C. C. (2019). "A dramaturxia galega de autoría feminina no século XXI", eHumanista IVITRA, 15, Monográfico III, Santa Bárbara (California) (Estados Unidos), UC Santa Barbara, 2019, pp. 324-341. <https://www.ehumanista.ucsb.edu/sites/default/files/sitefiles/ivitra/volume15/7.%20Biscainho-Fernand>
- Cornago, Óscar (2015). Capítulos II e III de Ensayos de Teoría Escénica. Sobre teatralidad, público y democracia. Madrid: Abada Editores
- Fischer-Lichte, E. (2011). Estética de lo performativo. Madrid: Abada Editores
- Gil, A. (2004). "Literatura e banda deseñada", en Arturo Casas (coord.) Elementos de Crítica Literaria: 593-613. Vigo: Xerais
- Lehmann, H.T. (1999). "El teatro postdramático: una introducción", Posdramatisches Theater (traduc. de Paula Riva), Telondefondo nº12-diciembre 2010.
- Martín Rodríguez, I. (2015). Análisis narrativo del guión de videojuego. Madrid: EUG-Síntesis
- Pavis, P. (2007). "Nas fronteiras da encenação" e "Encenação, Performance: Qual é a diferença?", en A Encenação Contemporânea, 25-59. São Paulo: Perspectiva
- Pernas, Gustavo (2006). Os ollos de Victorine e a construción da cuarta parede. Ames: Laiovento
- Tenschert, Bataillon, Dort e Raoul-Davis (2003). Questões de Dramaturgia I. Lisboa: Escola Superior de Teatro e Cinema
- Valverde, A. (2004). "A performance en Rompente", Anuario de Estudios Literarios Galegos 2004, 96-105. Compostela: USC
- Ubersfeld, A. (1997). "La escena y el texto", en La escuela del Espectador, 20-58. Madrid: Publicaciones de la Asociación de Directores de Escena de España
- Zavala, L. (). "Cine y literatura. Puentes, analogías y extrapolaciones", en Razón y Palabra nº 71. . LECTURAS OBRIGATORIAS Buarque, Chico: Poesias (<https://www.escritas.org/pt/chico-buarque>) Kane, Sarah: Derrubamüller, Heiner: Máquina Hamlet Sotelo: Nome: Bonita



| | |
|------------------------------------|---|
| Bibliografía complementaria | <ul style="list-style-type: none"> - Alemany Ferrer e Chico Rico (eds.) (2012). Literatura i espectacle = Literatura y espectáculo. Alicante : Universidad de Alicante : Sociedad Española de Literatura General y Comparada - (1999). "A propósito de Guy Debord y la crítica situacionista del espectáculo", en Archipiélago cuadernos de crítica de la cultura n. 39, 87-115. Castelldefels: Pamiela - Abuín, A. (1996). ?Para una teoría de la puesta en escena. Hermenéutica y transformación de un texto literario?, Tropelías 5/6, 1994-1995, pp. 5-15. - Abuín e Casas (2004). "O texto espectacular", en Casas (coord.) Elementos de crítica literaria, 415- 470. Vigo: Xerais - Abuín González e Rodríguez González (2004). "Literatura e cinema: recreacións fílmicas e transferencias culturais", en Arturo Casas (coord.) Elementos de Crítica Literaria, 569-591. Vigo: Xerais - Artaud, Antonin (). Teatro e seu duplo. São Paulo: Livraria Martins Fontes Editora Ltda - Becerra de Becerreá, A (2007). Dramaturxia. Teoría e práctica. Vigo: Galaxia - Carlson, M (2005). Performance: unha introdución crítica. Vigo: Galaxia - Creton, Palmer e Sarrazac (2005). Arts du spectacle, métiers et industries culturelles: penser la généalogie. Paris: Presses Sorbonne Nouvelle - Figuero Espadas (2013). Guion : nociones sobre la escritura audiovisual. Madrid: CEU - Fischer-Lichte, E. (2004). Estética de lo performativo. Madrid: Abada Edidtores - Gil, A. (2004). "Literatura e banda deseñada", en Arturo Casas (coord.) Elementos de Crítica Literaria, 593-613. . Vigo: Xerais - Hormigón, J. A. (1991). ?Dramaturgia y trabajo dramático?, Trabajo dramático y puesta en escena. 31-58. Madrid: Publicaciones de la ADE - Kowzan, Tadeusz (1992). Literatura y espectáculo. Madrid : Taurus - McKee, R. (2002). El guión. Sustancia, estructura, estilo y principios de la escritura de guiones. . Barcelona: Alba - Pavis, P (1983). Diccionario del Teatro. Dramaturgia, estética, semiología. . Barcelona: Paidós - Sánchez Noriega, J. L. (2000). De la literatura al cine. Barcelona: Paidós - Sarrazac, Jean-Pierre (2003). O futuro do drama. Porto: Campo das Letras - Schechner, R. (2006). Performance Studies. New York: Routledge - Ubersfeld, A. (1993). Semiótica teatral.. Madrid: Cátedra / Universidad de Murcia - Werneck et ali (2009). Texto e imagem: estudos de teatro. Rio de Janeiro: 7 letras |
|------------------------------------|---|

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías